

Departamento de Filosofía IES Vilanova de Arousa – Curso 2019-20

PSICOLOXÍA 2º BACH. – UNID. 3 - CONTIDOS TEÓRICOS – PARTE I (TEST) (d)

Instrucións: No caso das preguntas tipo test hai tres respostas posibles das que unha soa é a correcta, e que terás que **sinalar cunha cruz ou marcar dun xeito claro na letra correspondente (a), b) ou c)**, e logo razoar brevemente o porqué da túa resposta.

(Puntuación: **Preguntas TEST: 0,10 puntos cada unha**; NOTA MÁXIMA TOTAL: 2 PUNTOS

NOME, APELIDOS E CURSO:

Tempo estimado de execución: 45 minutos

Obxectivo da actividade

- Comprobar que se ten entendido e interiorizado a maior parte do contido da unidade 3

1. Desde o punto de vista de Kleinke un dos obxectivos básicos da terapia é:

- Desenvolver a alegría e a felicidade.
- Superar a desmoralización.
- Ser agresivo porque a sociedade é moi competitiva.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

2. Entre os factores que predispoñen e precipitan a anorexia están:

- Sexo feminino e nivel social medio-alto.
- Cambios corporais adolescentes e acontecementos vitais.
- As respostas anteriores son verdadeiras.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

3. Cal é o límite entre o comportamento «normal» e patolóxico?

- Non hai unha fronteira claramente definida.
- O «normal» é o que fai a maioría.
- O «normal» é aceptar as leis e normas sociais.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

4. A ansiedade, a nivel fisiolóxico, demóstrase por:

- Incremento da activación do SN autónomo.
- Dificultade para superar os problemas.
- Respostas de escape ou evitación.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

5. Que síntomas son os máis característicos da esquizofrenia hebefrénica?

- Apatía e retraemento.
- Conduta grotesca e infantil e risas tontas.
- Delirios de grandeza e sospeitas.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

6. Que terapia se ocupa máis dos sucesos ocorridos na infancia?

- Terapia humanista.
- Terapia cognitivo-condutual.
- Terapia psicanalítica.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

7. A técnica terapéutica, moi útil para o tratamento de fobias e obsesións, que ensina ás persoas a aceptar estímulos temidos e manexar situacións de ansiedade é:

- Adestramento asertivo.
- Modelado.
- Habilidades sociais.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

8. A hipocondría é un temor a:

- As enfermidades.
- As arañas.
- Saír pola noite.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

9. A cleptomanía é unha desorde do:

- Sono.
- Control de impulsos.
- Desenvolvemento moral.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

10. Non é unha conduta característica da bulimia nerviosa:

- a) Facer xaxún.
- b) Provocarse vómitos.
- c) Excesivo sentido de control sobre a alimentación.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

11. Entre os seguintes trastornos de ansiedade, ten maior gravidade clínica a:

- a) Fobia social.
- b) Fobia ás serpes.
- c) Agorafobia.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

12. Segundo o DSM-5 as obsesións:

- a) Deben ser preocupacións excesivas acerca de problemas reais.
- b) Non son recoñecidas polo individuo como produtos da súa propia mente.
- c) Prodúcese durante a infancia.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

13. En que tipo de esquizofrenia predominan síntomas como ideas delirantes e alucinacións auditivas?

- a) Catatónica.
- b) Desorganizada.
- c) Paranoide.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

14. As terapias cognitivas precúpanse fundamentalmente de:

- a) Pensamentos, condutas e actitudes.
- b) Percepcións e motivacións.
- c) Ilusións e alucinacións.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

15. Cal das seguintes afirmacións é falsa?

- a) As terapias biomédicas e as psicoterapias rara vez se utilizan conxuntamente.
- b) A terapia familiar non considera ao individuo como un ser illado.
- c) O adestramento asertivo non é unha técnica de terapia condutual.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

16. O temor ao sangue denomínase:

- a) Acrofobia.
- b) Hematofobia.
- c) Agorafobia.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

17. As persoas que perderon calquera contacto coa realidade son:

- a) Depresivos.
- b) Neuróticos.
- c) Psicóticos.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

18. Os delirios son froito da desorganización da:

- a) Memoria.
- b) Percepción.
- c) Pensamento.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

19. A relevancia do impulso sexual na organización da personalidade é defendida por:

- a) Rogers.
- b) Freud.
- c) Eysenck.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?

20. Un dos compoñentes da saúde mental é:

- a) Aceptarse a un mesmo e dominar o entorno.
- b) Non tolerar as tensións e a frustración.
- c) Viaxar a lugares exóticos.

Por que? En que páxina dos apuntamentos te baseas ou cal foi o teu razoamento?